



2024/ACMSUB/000002

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 30.05.2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

C.- ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS DE MATERIAL DE OFICINA, PAPEL DE OFICINA E MATERIAL DE IMPRENTA. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. 2024/ACMSUB/000002.

Examinado o expediente do acordo marco do contrato de subministro que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

1. Elaborouse o prego de prescricións técnicas do acordo marco de subministro mencionado na parte dispositiva deste acordo.
2. A Concelleira responsable de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía, acordou o inicio deste procedemento.
3. Formulouse o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento aberto simplificado.
4. Emitiuse o informe preceptivo do Secretario da Administración Municipal (por delegación da Asesoría Xurídica).

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- O artigo 131 da LCSP establece que o procedemento aberto constitúe un dos procedementos ordinarios para adxudicar os contratos, e en consecuencia pode acudirse a este procedemento neste caso. Así mesmo, de conformidade co artigo 159 da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificado, deberá publicarse anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

Segundo.- O prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente de contratación cumpre coas determinacións establecidas no artigo 122 da LCSP e nos apartados 2 e 3 do artigo 67 do regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, e nel se indica o réxime aplicable a este contrato.

Terceiro.- A competencia para a aprobación do expediente de contratación así como dos pregos é da Xunta de Goberno Local de conformidade cos artigos 117 e apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do exposto, e unha vez que se teñen incorporado ao expediente o correspondente certificado de existencia de crédito orzamentario expedido pola oficina de contabilidade, e o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares e o expediente de contratación do contrato cuxos datos se mencionan a continuación:

EXPEDIENTE:	"ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS DE MATERIAL DE OFICINA, PAPEL DE OFICINA E MATERIAL DE IMPRENTA". (2024/ACMSUB/000002)
-------------	---





ORZAMENTO	53.298,04 €
IVE:	11.192,59 €
ORZAMENTO TOTAL	64.490,63 €
PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO	2 anos, previsiblemente dende o 01/11/2024 ata o 01/11/2026, prorrogable por un ano máis.

Segundo.- Aprobar e autorizar o gasto de carácter plurianual, en virtude do artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora da Lei de Facendas Locais e artigo 79 e seguintes do RD 500/90 que implica o contrato para esta Administración, de conformidade co informe emitido pola oficina de contabilidade e pola Intervención Municipal.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado, e ordenar a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Pontevedra.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

